



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO,
A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A SOCIEDADE CONCESIONARIA
AUTOESTRADA OURENSE-CELANOVA, SOCIEDADE CONCESIONARIA DA
XUNTA DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras formalizou coa Dirección General de Tráfico e a Sociedade Concesionaria Autoestrada Ourense-Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia SA, o instrumento convencional arriba referido por un período de vi-xencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras a Dirección General de Tráfico e a Sociedade Concesionaria Autoestrada Ourense-Celanova para establecer a operativa derivada da cesión dos sistemas SIT xa instalados pola concesionaria Autoestrada Ourense-Celanova no tronco da autovía A52-Celanova (AG-31) e os seus accesos, equipos instalados en virtude do contrato de con-cesión de obra pública asinado entre a sociedade Concesionaria e a Xunta de Galicia en data 19/05/2009.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecu-ción do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que a DGT asinou coa AXI un convenio en virtude do cal ambas as partes de comprometen a actuar conxuntamente na mellora da seguridade viaria das estradas de titularidade da Xunta de Galicia, e en particular, nas vías suxeitas a concesión de obra pública, en virtude do cal (cláusula 1ª) se procederá a asinar un convenio de





colaboración entre a DGT, AXI e cada unha das sociedades concesionarias para precisar as actuacións que se desenvolverán en relación cos sistemas de explotación, xestión e control do tráfico, coa finalidade de aumentar a seguridade viaria e poder realizar un control mais adecuado do tráfico que circula por tales vías. .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 24 de xaneiro de 2018

